



De esquerda a dereita, Anxo Fariña, Xavier Queipo e Héctor Carré. EP

A velada Rememorando a Lois Pereiro

Celia Torres, coordinadora e presentadora dos premios, abriu a velada lembrando uns versos optimistas de Lois Pereiro.

Lírica medieval

A escritora María Xosé Queizán, autora de 'Amor de tango', como mantedora literaria da velada, rememorou no seu discurso as trobairitz, as donas occitanas que no século XII compuxeron cantigas na lírica medieval, unha xoia literaria que tería repercusión na cantiga de amor galega.

O santiagués Xavier Queipo gaña o Xerais coa novela de aventuras 'Extramunde'

► Anxo Fariña e Héctor Carré recibiron o Merlín e o Caixa Galicia

REDACCIÓN

✉ cultura@elprogreso.es

LUGO. O escritor santiagués e funcionario da Unión Europea Xavier Queipo foi onte galardoado co premio Xerais de Novela 2011, que chega á súa XXVIII edición e que está dotado con 25.000 euros, pola súa obra 'Extramunde', unha novela onde a protagonista é a viaxe.

Durante a entrega do galardón, celebrado na illa de San Simón, Xavier Queipo sinalou que «'Extramunde' é unha novela de aventuras, onde unha pléiade de personaxes alucinados embarcan nunha viaxe a bordo dunha nave de tolos, que no fin, constitúe a

personaxe central da novela. Mais non é só iso, senón unha reflexión sobre o papel esmagador da ideoloxía oficial, a represión das minorías, o poder omnímodo da igrexa, a exploración do mundo e a procura da liberdade».

No acto tamén se entregaron o premio Merlín de Literatura Infantil e o Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil, que recaeron en Anxo Fariña e Héctor Carré Menéndez, respectivamente.

Así, o vigués Anxo Fariña, escritor, ilustrador e director de arte, recibiu o premio Merlín de Literatura Infantil, que chega á XXVI edición e que está dotado con 10.000 euros, pola súa obra 'A

chave da Atlántida', unha novela de ciencia ficción sobre o mito do continente perdido.

«Ser astronauta semellaba unha increíble ocupación para cando fose grande. Aos poucos meses, acadéi a solución definitiva: pirata espacial. Co paso do tempo, pódese pensar que non cumprín os meus soños infantís, mais todo o contrario. Podo ser pirata espacial e moito máis. Grazas aos libros. Agora concédeme o premio Merlín, e o único que podo dicir é que este galardón supón un marabilloso impulso para ese foguete co que atravesar o espazo e vivir mil aventuras», sinalou Fariña.

Por outro lado, o coruñés Héc-

tor Carré Menéndez, escritor e director de cine, foi galardoado na V edición do premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil 2011, dotado con 10.000 euros, pola súa obra 'Febre', que conta a historia do volframio en Galicia.

«Decidín escribir esta historia deixándome levar por ese estilo das películas do oeste, un estilo épico que encaixaba perfectamente na loita do personaxe central, Carmucha, unha rapaza que ten que enfrontarse a un inimigo infinitamente máis forte», explicou.